

ACTA DO PLENO ORDINARIO DA CORPORACIÓN, DO 6 ABRIL DE 2018

Na Casa do Concello de Silleda, ás dez horas do **día seis (06) de Abril** do ano dous mil dezaoto (**2018**), reúnese o Pleno da Corporación, en primeira convocatoria de sesión ordinaria, logo de ser atrasada por mor da coincidencia coa Semana Santa.

Expediente Admnón Electrónica **nº 839/2018**
(<https://gestion-05.espublico.com>).

Órgano : PLENO. ORDINARIO.
Día : **SEIS, (06) de ABRIL, VENRES.**
Hora : **DEZ HORAS (10-00).**
Comisión
Informativa: DEZ HORAS DO MARTES 3 DE ABRIL.

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Manuel Cuíña Fernández, (PSdeG-PSOE)

CONCELLEIROS:

D. Kaus Brey Montana
D^a. Ana Luísa González Costa, (PSdeG-PSOE)
D. Jesús Taboada Lázara, (PSdeG-PSOE)
D^a. M^a del Pilar Peón Iglesias, (PSdeG-PSOE)
D. Manuel Iglesias, (PSdeG-PSOE)
D. Benito Saavedra Vazquez (PSdeG-PSOE)
D. José Luís Espiño Espantoso, (PP)
D. Ignacio Maríl Pardo, (PP)
D. José Antonio Ramos Dobarro (PP)
D. Matías Rodríguez da Torre, (BNG)

Non asisten: D^a. M^a del Carmen Folla González (PP) e D^a. Natalia Iglesias Mendez (PP).

SECRETARIO XERAL: Manuel Quintáns Queiruga, Secretario do Concello, que da fe.

OBSERVACION: coa instalación da Administración Electrónica, por razóns de simplicidade e operatividade, dado que os documentos se cargan nesa plataforma, e, sobre todo, van asinados dixitalmente, co engadido de que quedan rexistrados de forma fehaciente, este Secretario se inclina pola fórmula de deixar constancia na Acta do número de expediente, de tal xeito que entrando en él se pode verificar o documento –repito, xa asinado e rexistrado-. Non obstante, nunha mistura do sistema anterior e o actual tamén se recollen os documentos mais longos, Bases, Ordenanza, Regulamentos, Contrato e Pregos nun Acta/Anexo a presente. Asinado. Secretario. M. Quintans.

ORDE DO DIA

1. Actas sesión/s anterior/es.

Quedan aprobadas as Actas de 25 de Xaneiro e 9 de Marzo (Orzamentos 2018).

2. Aprobación [Bases III Concurso Festas 2018](#).

Constan no Expediente Administración Electrónica N° 839/2018.

Intervencións:

ALCALDE: explica a proposta.

PP: sostén que se dan as subvencións a quen lles apetece, e que non hai criterios obxectivos, cun falla de transparencia. Cuestiona o nomeamento do Xurado. Reclama a súa modificación, xa que non é correcto como se plantea.

BNG: hai boa intención, aínda que se cae nunha política populista-clientelar. Propón que se decida por criterios distintos; a promoción da cultura galega, por ex., hai que ter amplitude de miras, fixemos propostas a campaña *Silleda somos +*, que se poderían incluír...

ALCALDE: o que dixo o voceiro do PP é un intento de crispación. Se usan criterios lóxicos, consecuentes nos seus apartados, con 30 puntos obxectivos por 10 subxectivos. O Xurado da fe de que o Alcalde non influíu para nada. Sempre se pode melloras, por suposto e fai unha referencia a campaña de empadramento. Logo dunha baixada continuada durante os últimos 10 anos da poboación, se pasou de 8.800 a 9.160, todo un éxito. Xa é rizar o rizo dándolle voltas, logo dese resultado. Ao voceiro do PP xa que quer modificar o Xurado, estou disposto a facelo "ipso facto". Propoño que sexa o Presidente do Xurado. Vostede ou o voceiro do BNG. Non teño problema algún. Que sexa vostede o Presidente... ¿Vale?

VOTACION: se aproba por 7 votos a favor (PSOE), 3 en contra (P.P.) e 1 abstención (BNG).

3. APROBACION DAS [BASES DE AXUDAS A CREACIÓN DE EMPREGO 2018](#).

Constan no Expediente Administración Electrónica N° 839/2018.

Intervencións:

Concelleira Delegada: sinala que comeza unha nova fase co balance na último ano de 10.800 € a 8 emprendedores.

PP: discrepa en canto hai cláusulas que serían mellorables, o qjue amosa un conformismo, a falta de ideas. Isto non é un éxito e as Bases son as mesmas.

BNG: sostén que hai cousas mellorables. Fai unha chamada a que, por ex., se inclúa e puntúe mais as empresas de economía social. Lembra que os servizos actuais do P. Lúdico-Recreativo, SAF e C. de Día podían ser exemplos concretos para esas empresas.

Apunta que poderíase convocar as *forzas vivas* para coparticipar nunhas novas Bases e aportar ideas entre todos. Esta subvención

Concelleira Delegada: esta subvención non fai que se abra o negocio, pero si é unha axuda moi importante, decisiva en algúns casos. Nese senso hai que falar dun éxito. Un total de 17 e 23.300 €. Claro que sería estupendo que houbera mais. Pero o fin que se buscaba con este Plan está conseguido, o obxectivo logrado. Sólo 2 casos se quedaron fora. As empresas de economía social non están excluídas, aclara.

VOTACION: VOTACION: se aproba por 8 votos a favor (7 do PSOE,1 do BNG) e 3 abstencións (P.P.).

4. APROBACION da alteración da cualificación xurídica [desafectación] do tramo de camiño de uso público que parte do principal do lugar de Forcas e dá acceso ás parcelas nº 264 e 265 (Plano de Concentración Parcelaria LARO-PARADA, Polígono 3, SILLEDA), deixando o devandito ben de estar afectado ao uso ou servizo público, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben de carácter patrimonial, logo da exposición pública.

VISTO o expediente instruído a instancias de LUIS ALBERTIO RIOS TROITIÑO, DNI nº 35316555--D, na súa condición de propietario das fincas nº 264 y 265 da Zona de Concentración Parcelaria LARO-PARADA, Polígono 3, SILLEDA, no que propón desafectar un tramo antigo de camiño público, entre ambas fincas, tendo en conta que desapareceu o seu uso debido a existencia doutro camiño vertebrador do Lugar de Forcas, e a posterior compravenda do mesmo o Concello.

VISTO o Informe do Enxeñeiro de Camiños Román Gomez Fraiz, efectuando un análise da situación e características das fincas e camiño, elevando unha valoración técnica que acredita o xustiprezo do resto dese camiño para a súa enaxenación, co resultado de cifrar o mesmo en **30 m2 x 6,20 €/m2 = 186,00 €.**

VISTO que por Acordo do Pleno Municipal de data 27 de Xullo de 2017, aprobouse incoar o procedemento para a alteración da cualificación xurídica [desafectación] do tramo de camiño de uso público que parte do principal do lugar de Forcas e dá acceso ás parcelas nº 264 e 265 tal como consta no Plano de Concentración Parcelaria LARO-PARADA, Polígono 3, SILLEDA, deixando devandito ben de ser destinado ao uso ou servizo público, ao que estaba afecto, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben de carácter patrimonial.

O expediente quedou sometido a información pública por prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao de publicación anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios –BOP nº 215 de 9 Novembro 2017- sen que se presentaran alegacións.

Por unanimidade, se acorda:

- **APROBAR** a desafectación, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben de carácter patrimonial, a efectos da enaxenación do resto dese camiño sito entre as fincas nº 264 y 265 da Zona de Concentración Parcelaria LARO-PARADA, Polígono 3, propiedade de LUIS ALBERTIO RIOS TROITIÑO, DNI nº 35316555--D, sendo o xustiprezo do mesmo: **30 m² x 6,20 €/m² = 186,00 €**.

5. Aprobación da denominada: Iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”, cos conseguintes acordos:

5.1. Modificación da Ordenanza Fiscal: Nº 1, Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles,

5.2. Da Nº 3, Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas e

5.3. Da Nº 4, Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Intervencións:

ALCALDE: explica a proposta, aínda que discrepando, xa que a Xunta nos castiga sen subvencións senón se subscribe, polo que semella unha chantaxe.

PP: lle parece ben, non hai chantaxe, senón premio, sostén.

BNG: isto é acabar co país, enmascarado na baixada de impostos, logo virán as multinacionais, coma o caso de ENCE ou o proxecto de Touro. Ese é o interese xeral. As grandes empresas son as beneficiadas. Que se abarate o solo, como no Polígono de Silleda. Que se beneficien os negocios produtivos e os sectores básicos galegos. Lembremos o caso do P.Eólico que non beneficiou aos veciños do lugar. E o caso de Aluminios Cortizo, no que a Xunta non dispuxo do solo, e tiveron que irse a Ponferrada.. Por iso que é unha chantaxe do goberno de Feixoo.

ALCALDE: hai que ser comedidos, para isto está fora de lugar. Que eliminen as subvencións nominativas, que rebaixen o prezo do solo, como pasou co caso de Cortizo, no que perdemos 150 postos de traballo directos por culpa de XESTUR, da XUNTA. Iso é o transcendente, e non esta chantaxe.

PP: non é un asunto de multinacionais como dí o BNG, senón de fuga de empresas, como está pasando cas que se van a Portugal. Iso é o que se pretende atallar con esta iniciativa. Facilidades as empresas, coma medida complementaria.

BNG: e que se vaia os Tribunais por invasión de competencias...!

ALCALDE: é unha chantaxe de quen se cre superior aos Concellos.

VOTACION: se aproba por 10 votos a favor (7 do PSOE mais 3 do PP) e 1 en contra (BNG).

6. PLAN ECONÓMICO FINANCIERO (A efectos de cumprimento da regra de gasto co resultado da liquidación do exercicio 2017).

Constan no Expediente Administración Electrónica **Nº 839/2018**.

VOTACION: se aproba por maioría de 10 votos favorables (7 do PSOE e 3 do PP), coa aclaración de que o voceiro do BNG non vota, amosando o seu rexeitamento a este proposta.

7. APROBACION DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DO PROGRAMA LÚDICO EDUCATIVO E DE APERTURA DE CENTROS DE ENSINO FÓRA DO HORARIO LECTIVO.

Constan no Expediente Administración Electrónica **Nº 839/2018**.

Aínda que se vota separado, as intervencións son conxuntas.

Intervencións:

Voceiro do PP: cuestiona o horario, a ampliación en Bandeira e que hai cláusulas que poderían mellorarse porque resultan confusas. Alude que a capacidade económica, por ex., é un concepto complicadísimo y así outros casos...

Voceiro do BNG: volve a repetir que é unha pena non quedar con antelación ó Pleno porque temos cousas que propoñer. Non debería bastar coa xustificación do IRPF. Moita xente non declara polo imposto. Os de nómina si, outros, depende. Habería que buscar fórmulas para investigar o patrimonio. O art. 13 me parece dunha redacción forzada, sobre o criterio médico. Volvo a pedir a posible municipalización. Que non se esqueza que o galego é o noso idioma. O art. 15 sobre igualade nenos/nenas merece unha felicitación. Hai que insistir en que se trata dun servizo informativo no ocio.

Concelleira Delegada: hai que diferenciar entre o Regulamento e a Ordenanza. No caso de Bandeira, si houbera matrícula suficiente se faría. Si a xustificación económica a facemos depender do patrimonio entramos nun terreo de moitos interrogantes. Sobre o galego, recordemos que hai dous idiomas oficiais, os 2 hai que respectalos.

Inciso: se suscita unha controversia sobre as enfermidades "*infecto-contaxiosas*" e a súa interpretación, amosando os voceiros da oposición as súas dúbidas. Para o goberno no "*momento que aparezan*" e o diga un informe médico.

VOTACION: se aproba por 7 votos a favor (7 do PSOE) e 4 abstencións (3 PP e 1 BNG).

8. APROBACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO PROGRAMA LÚDICO EDUCATIVO DE CENTROS DE ENSINO FÓRA DO HORARIO LECTIVO.

Constan no Expediente Administración Electrónica **Nº 839/2018**.

Intervencións:

VOTACION: se aproba por 8 votos a favor (7 do PSOE e 1 BNG) e 3 abstencións (PP).

9. DAR CONTA DO CONTRATO DE COMPRAVENDA DUNHA PARCELA DE 6.973 M2 ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA, DESTIÑADA A INSTALACIÓN DUN CENTRO DE PRODUCCIÓN E ABASTECIMENTO ENERXÉTICO, E OUTROS EQUIPAMENTOS PUBLICOS (Programa operativo FEDER-GALICIA 2014-200, conforme o Proxecto “Red de calor “District Heating” con biomasa en Silleda.Fase I”)

Constan no Expediente Administración Electrónica **Nº 839/2018**.

10. APROBACION DO PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS E CONVOCATORIA DA LICITACION PARA CONTRATAR, POR PROCEDEMENTO ABERTO, A INSTALACIÓN DE PRANTA E REDE DUN CENTRO DE PRODUCCIÓN E ABASTECIMENTO ENERXÉTICO (Cun orzamento total de **816.587,67** €, financiados nun 80% polo INEGA, correspondendo o 20 % restante o municipio. Dentro do programa operativo FEDER-GALICIA 2014-200, conforme o Proxecto “Red de calor “District Heating” con biomasa en Silleda.Fase I”)

Constan no Expediente Administración Electrónica **Nº 839/2018**.

Intervencións:

PP: está de acordo, observa que é un Prego, cunha problemática moi técnica..

ALCALDE: é unha obra innovadora, tramitada en colaboración público-privada, algo que destacaron no INEGA, e incluso creemos que abre paso a futuros proxectos. A parte privada, Hotel e Residencia, pagarán parte do 20 % que aporta o Concello, co cal diminuíra a nosa aportación. Aproximadamente está calculado en torno aos 35.000 €, a cada empresa, que se cobrarán como subrecuste sobre MGW ou directamente. É un asunto pendente.

BNG: sinala que lle parece ben está cuestión enerxética, e unha vez aclarado o pago por parte do Hotel e o Centro de Día, sobre o que expresou dúbidas previas, polo que o asunto queda despexado.

VOTACION: se aproba por unanimidade.

11. ADXUDICACION DAS OBRAS DO “CAMPO DE FUTBOL BANDEIRA II FASE” A TABOADA Y RAMOS S.A. (Única plica presentada).

VOTACION: se aproba por unanimidade.

ANTECEDENTES. Na Mesa de Contratación celebrada o 26 de Marzo de 2018 acordouse:

(“”)

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN, DO 26 DE MARZO DE 2018

Licitación do contrato de “DOTACIÓN DE HERBA SINTÉTICA CAMPO DE FÚTBOL A GANDAREIRA-BANDEIRA. FASE II”, do Concello de SILLEDA.

O obxecto do contrato é a realización das obras consistentes na dotación de herba artificial na citada instalación (**CAMPO DE FÚTBOL BANDEIRA. FASE II**), cuxa codificación é CPV-2008: 39293300-5, segundo proxectos básico e de execución redactados polo arquitecto Abraham Castro Neira

A obra está subvencionada pola Deputación, polo que o adxudicatario colocará un cartel publicitario durante a execución do proxecto, e logo da súa finalización, unha placa explicativa permanente nos que se aprecie que as actuacións contan co financiamento da Deputación de Pontevedra.

TIPO DE LICITACIÓN: O importe do presente contrato ascende á contía de 729.480,29 euros ao que se engadirá o Imposto sobre o Valor Engadido por valor de 153.190,86 euros, o que supón un total de **882.671,16** euros.

3.- ADXUDICACIÓN: procedemento aberto con multiplicidade de factores e trámite normal.

4.- PRAZO: O prazo de execución das obras será de 11 meses a contar desde a acta de comprobación do replanto.

Na Casa do Concello de Silleda, ás doce horas do día vinte e seis de Marzo do ano dous mil dezaioito (26-03-2018), reúnese o Mesa de Contratación para a apertura das plicas.

PRESIDENTE:

Klaus Brey Montaña, en substitución do Alcalde Manuel Cuíña Fernández.

CONCELLEIROS e VOGAIS:

Benito Saavedra Vazquez

Interventor
Leopoldo Moure Dopico, Interventor

SECRETARIO XERAL:
Manuel Quintáns Queiruga, que tamén da fe.

O Secretario indica que só se presentou una plica, subscrita por **TABOADA Y RAMOS, S.L.**,

Considerando que existe una única oferta, e visto que cumple cos requisitos legais esixidos, se procede a apertura da mesma, co resultado seguinte:

- **TABOADA Y RAMOS, S.L.** polo prezo de 698.477,00 euros, ao que se engadirá o Imposto sobre o Valor Engadido por valor de 146.680,17 euros, o que supón un total de **845.157,17** euros., incluíndo as melloras que constan na súa oferta (Que valora en 48.000 €.)

Visto canto antecede, por asentimento de tódolos presentes,

SE ACORDA:

UNICO: Propoñer ao Pleno a adxudicación das obras de: “DOTACIÓN DE HIERBA SINTÉTICA CAMPO DE FÚTBOL A GANDAREIRA-BANDEIRA. Fase II” a empresa **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.**, por ser a única plica presentada, de acordo co Prego de Condicións e lexislación aplicable, polo prezo de 698.477,00 euros ao que se engadirá o Imposto sobre o Valor Engadido por valor de 146.680,17 euros, o que supón un total de **845.157,17** euros., incluíndo as melloras que constan na súa oferta.

E non habendo mais asuntos que tratar se levanta a sesión as 12-45 horas do vinte e seis (26) de Marzo de 2018, do que, eu, o Secretario, dou fe. Silleda 26-03-2018.SECRETARIO. Asinado Manuel Quintans Queiruga.

(“”)

Visto canto antecede, o Pleno da Corporación, por unanimidade,

RESOLVE

Primeiro.- Adxudicar o contrato de “**DOTACIÓN DE HIERBA SINTÉTICA CAMPO DE FÚTBOL A GANDAREIRA-BANDEIRA**” a empresa **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.**, de acordo coa Proposta da Mesa.

- O prezo de adxudicación é de 698.477,00 euros, ao que se engadirá o Imposto sobre o Valor Engadido por valor de 146.680,17 euros, o que supón un total de **845.157,17** euros, incluíndo as melloras que constan na súa oferta, que se suman e

aparte do prezo antedito (Que valora en 48.000 €.)

Segundo.- Requirir ao adxudicatario para que presente a DOUMENTACIÓN COMPLETA, logo de presentarse mediante declaración responsable, así como certificación de estar o corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e **AVAL** por importe do 5% da adxudicación, previamente a formalización en documento administrativo do contrato no prazo máximo de dez días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción da notificación desta resolución, segundo o disposto no art. 140 LCSP.

Terceiro.- Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante e no diario oficial que proceda.

INCISO. ASUNTOS NON INCLUIDOS NA ORDE DO DIA. TRAMITACIÓN POR URXENCIA.

Polo Sr. Alcalde se informa que hai dous asuntos que non puideron incluírse na Orde do Día, sobre os que insta a súa tramitación por urxencia.

Sometido a votación se aproba por unanimidade a declaración de urxencia, acadando, por tanto, a maioría absoluta esixible legalmente.

12. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE SILLEDA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-6518 SILLEDA – PONTE (TRAMO I) DO P.K. 0+435 Ó P.K. 0+876 (SILLEDA)”.

Constan no Expediente Administración Electrónica **Nº 839/2018**.

INTERVENCIONS:

PP: aínda que lle parece ben, observa que se podía adicar este diñeiro a outras actuacións mais interesantes.

ALCALDE: é unha obra que beneficia a tódolos veciños, na entrada do pueblo, pode ser vista polos miles de persoas que pasan pola Feira, tamén os nosos aboós, e se trata de crear un entorno bonito. É unha obra que pelemos moito. O PP fai un discurso de calle. A ver si a Xunta nos trae Convenios deste tipo, do 70 ao 30 % e encantados. O que fai o voceiro do PP é poñer pegas a todo.

BNG: sinala que o PP fai demagogia, e reivindica, amén desta obra, que se continúe a mesma co “Cinturón Verde” que xa ten proposto.

VOTACION: se aproba por unanimidade.

13. Expediente de modificación de créditos

Expediente de modificación de créditos		
Crédito extraordinario/Suplemento		
Finalidade	Escolas Infantís	
Finalidade	Convenio Deputación	
Importe Total gastos		
Importe Total Ingresos		

Ó PLENO DA CORPORACIÓN

De conformidade co artigo 177 do TRLHL poderá modificarse o Orzamento mediante créditos extraordinarios para facer fronte a gastos que non podan demorarse ata o exercicio seguinte para os que non exista crédito ou o existente sexa insuficiente.

Consonte co disposto no artigo 36 a) e b) do RD 500/90, do 20 de abril, os créditos extraordinarios e suplementos de crédito poderán financiarse, entre outros, con:

- Remanente líquido de tesourería, calculado de acordo co establecido no artigo 101 a 104 do texto legal antes referido.

Sendo preciso financiar os seguintes gastos, ambos de carácter indemorable

Escolas Infantís	
Convenio Deputación	

Co obxecto de financiar ditos gastos e visto o informe de intervención

propoño:

1 SUPLEMENTO DE CRÉDITO/ CRÉDITO EXTRAORDINARIO		
€ CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
323-450	Escolas Infantís	72.000,00
153-761	Convenio Deputación	178.296,13
	TOTAL	250.296,13
INGRESOS QUE FINANCIAN A XERACIÓN		

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
87000	Remanente para gastos xeráís	250.296,13
	TOTAL	250.296,13

2º) Este acordo será obxecto de exposición pública durante o prazo de quince días hábiles, contado a partir da publicación do anuncio no B.O.P., para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

3º) No suposto de que non se presenten reclamacións considerárase definitivamente aprobada a modificación.

4º) A Intervención, logo da entrada en vigor do expediente de modificación, procederá a emitir os correspondentes RC de retención para cada un dos créditos que se conceden.

VOTACION: se aproba por unanimidade.

B .-Parte de control dos órganos de goberno.

14. MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS.

14.1. MOCIÓN BNG PARA O MANTEMENTO PENSÍONS DIGNAS PARA OS GALEGOS E GALEGAS - [RE 1650](#)

O voceiro do BNG sintetiza a súa protesta polo recorte das pensións, a privatización e os fondos privados. Se trata dun dereito que pagamos todos.

O voceiro do PP discrepa de varios puntos da Moción.

O Alcalde está de acordo.

Se aproba por 8 votos (BNG e PSOE) a favor e 3 en contra (PP).

14.2. MOCION BNG RECUPERACION DOS DEREITOS E DO EMPREGO NA ADMON DE XUSTIZA - [RE 1651](#)

O voceiro do BNG resume que se trata dunha folga xusta, instada por Sindicatos de clase, a diferenza doutros casos, e que as súas demandas deberían ser asumidas pola Xunta.

O voceiro do PP discrepa e considera que a continuación da folga se debe a cerrazón dos Sindicatos, xa que a Xunta presentou una oferta moi razoable

O Alcalde está de acordo.

Se aproba por 8 votos (BNG e PSOE) a favor e 3 en contra (PP).

14.3. [MOCION BNG. - MINA DE TOURO – RE1652](#)

O voceiro do BNG resume que se trata dun texto enviado por colegas da ría de Arousa, pero cre vale a pena defendelo tamén aquí, xa que esa mina é un perigo potencial para o ecosistema do río Ulla, criticando en especial a postura antiveciñal do Alcalde de Touro.

O voceiro do PP discrepa e considera que é un caso complexo, para o que non dispón de información suficiente para formarse un criterio

Se aproba por 8 votos (BNG e PSOE) a favor e 3 abstencións (PP).

15. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DOS MESES ANTERIORES.

Dase conta.

16. ROGOS E PREGUNTAS.

Voceiro PP:

Pregunta sobre:

- Sobre unha sinal que se sacou nun vial en Cira. e reclama que se clarifique a sinalización.
- Sobre unha solicitude de Informe da Xunta sobre o SAF.
- Os postes do Camiño de Santiago en Piñeiro están cada vez peor.
- Horas dispoñibles no SAF¿ pregunta.

Voceiro BNG: plánte a problemática de que empresa do SAF ten unha débeda de 2 meses as traballadoras, pregunta se o Concello está o día nos pagos, si se adjudicará o servizo rapidamente. Apunta a una responsabilidade moral e a mediación do Concello.

Alcalde. Respostas:

- Se mirará. O da sinal e os postes.
- É mentira que o Concello deba 2 meses. Houbo un atraso en Decembro polo peche da contabilidade e nada mais. Se adjudicará o servizo de novo nos vindeiros días.
- O Secretario fai constar que a nova adjudicataria se subroga, faise cargo dos traballadores/as, pero non deses 2 meses se quedaran impagados.

Seguidamente o Sr. Alcalde indica que da por rematada a sesión.

E non habendo mais asuntos que tratar se levanta a sesión as 13-00 horas do 06 de Abril de 2018, do que, eu, o Secretario, dou fe. Se inclúe un ANEXO como parte integrante desta Acta, coa documentación que se cita.

SECRETARIO.
Manuel Quintans Queiruga.

SEGUE O ANEXO...